

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Aprobación inicial de modificado de proxecto de urbanización UA 49 das NNSS Municipais de Arteixo

Expedientes: 2023/U037/000001 - 2023/G007/000006

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada por medios telemáticos o xoves 23 de marzo de 2023, adoptouse, entre outros, ACORDO de APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICADO DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN UA 49 DAS NNSS MUNICIPALES DE ARTEIXO.-

No certificado de XGL figura a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

“**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o MODIFICADO DE PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN UA 49 asinado pola arquitecta dona Dolores Crespo Chouza, presentado o día 8/02/23 (948).

SEGUNDO. Someter o proxecto a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña e nun dos xornais de maior difusión da provincia, atopándose así mesmo ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Durante o período de información pública, quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo, para os efectos de que se presenten as alegacións e suxerencias que se consideren pertinentes.

Concluída a información pública, remitir as alegacións presentadas aos Servizos Técnicos para o seu informe.

TERCEIRO. Notificar individualmente a presente Resolución a todos os propietarios que puidesen ver afectadas as cargas de urbanización ás que están obrigados a contribuir.”

O presente acordo, que non esgota a vía administrativa, ten a natureza xurídica de acto administrativo de trámite, polo que non é susceptible de recurso algún, sen prexuízo do disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de impugnar no seu día a decisión que poña fin o procedemento se é contrario aos seus dereitos ou intereses.

A efectos do disposto no punto segundo da parte dispositiva deste acordo, poderase consultar a documentación íntegra aprobada inicialmente na seguinte ligazón:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/8df26f0fea0ecc8d55ba2122600ee46077a9f813>

Asinado Dixitalmente en data 27/03/2023

D. Luis Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado Urbanismo e Patrimonio

PD 1/2023 de 02/01/2023

2023/2246